

Inserción laboral das persoas egresadas no Sistema Universitario Público de Galicia

METODOLOXÍA

1. Introducción

O Instituto Galego de Estatística (IGE) dispón dunha base de datos con nome [*Base de datos sociodemográfica*](#) onde están todas as persoas que nalgún momento tiveron algunha relación con Galicia, constatada mediante os rexistros administrativos dos que se dispón no IGE: Padrón Municipal de Habitantes, Afiliacións á Seguridade Social, Pensionistas contributivos da Seguridade Social, Demandantes de emprego... Esta *Base de datos sociodemográfica* é unha fusión de rexistros administrativos coa finalidade de ter un sistema de información que conteña datos socioeconómicos da poboación que nalgún momento tivo relación con Galicia. Dispónse do lugar de residencia da persoa e características socioeconómicas como o xénero, o ano de nacemento, se está afiliada en alta laboral á Seguridade Social, se é demandante de emprego, etc., así como información relativa ás características laborais dos empregos que desempeña en Galicia.

Por outra parte, as Universidades de Santiago de Compostela (USC), da Coruña (UDC) e de Vigo (UVIGO) dispoñen da información das persoas matriculadas nas súas titulacións de grado, máster e programas de doutoramento. Tamén dispoñen da información dos e das estudantes egresadas, entendendo como tais as persoas que completaron con éxito todos os créditos do plan de estudos nos que están matriculadas.

Ademais, nos anos 2022-2023 asináronse convenios de colaboración sobre **intercambio de información entre as universidades públicas galegas, USC, UDC e UVIGO, e o IGE** para desenvolver actuacións do Plan Galego de Estatística 2022-2026 relacionados co mundo académico. No ano 2025 acórdase co Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades o intercambio de información que permita coñecer se as persoas tituladas nas universidades galegas están cursando estudos nalgunha universidade do resto de España.

Por último, o IGE incluíu por primeira vez no Programa Estatístico Anual 2024, aprobado polo Decreto 160/2023 do 29 de decembro, a actividade estatística de periodicidade anual *Inserción laboral das persoas egresadas no Sistema Universitario Público de Galicia*.

2. Obxectivo

O obxectivo desta estatística é ofrecer información relativa á inserción laboral das persoas egresadas do Sistema Universitario público de Galicia (SUGA). Para obter esta información, procederase a cruzar os ficheiros de matrícula dos e das estudantes tituladas coa información sobre emprego e desemprego dispoñible na *Base de Datos Sociodemográfica*, elaborada polo IGE.

3. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional: abrangue as persoas que titulan no curso académico considerado nunha das universidades públicas do SUGA. As titulacións ou tipos de estudos contemplados nesta actividade son os correspondentes a Grao, Máster e Doutoramento. Polo tanto, trátase dunha poboación con carácter censual que parte do curso académico 2019-2020.

Ámbito territorial: consideraranse todas as persoas que titulen no curso académico considerado, e estudarase a inserción laboral das persoas que figuren nos rexistros administrativos que fan referencia ao mercado laboral galego; polo tanto, vaise analizar a inserción laboral en Galicia, isto é, o desempeño dun traballo (xa sexa por conta allea ou por conta propia) no territorio da Comunidade Autónoma galega, así como a busca de emprego en Galicia. Para as persoas egresadas no ano 2022 e posteriores, estúdase separadamente a inserción laboral incluídas as persoas tituladas no SUGA que residen en Galicia e traballan fóra (no resto de España).

Ámbito temporal: o ámbito temporal de partida é o do ano de egreso (t). Ademais, analizarase a situación respecto ao mercado laboral galego en 6 momentos do tempo: 31/12/t, 30/06/t+1, 31/12/t+1, 30/06/t+2, 30/06/t+3 e 30/06/t+4.

4. Definicións

Persoas afiliadas á Seguridade Social: a afiliación ao Sistema da Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e da traballadora e para todo o sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador ou a traballadora afíliase cando comeza a súa vida laboral e se dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social. Esta situación denomínase alta inicial. Se cesa na súa actividade será dado/a de baixa pero seguirá afiliado/a en situación de baixa laboral. Se retoma a actividade producirase unha alta denominada alta sucesiva a

efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador ou da traballadora.

Demandas de emprego rexistradas: son as solicitudes de postos de traballo rexistradas nas oficinas públicas de emprego realizadas polos traballadores en idade laboral que desexan traballar por conta allea. Inclúen as de traballadores que non teñen emprego, tanto daqueles que non traballaron anteriormente e buscan emprego por primeira vez como as dos que tiveron un emprego anterior, e as de traballadores ocupados que buscan emprego para substituír ou complementar o que teñen. Ata xuño de 2024, non se inclúen os que se rexistran en categorías especiais (discapacidade, risco durante o embarazo, penados en institucións penais ou vítimas de violencia de xénero).

Paro rexistrado: subconxunto das demandas de emprego rexistradas nas que a situación administrativa é de alta e a persoa inscrita atópase en paro (establecido na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985).

Persoa egresada universitaria: persoa que completou todos os créditos docentes ou materias que conforman o plan de estudos universitario da titulación na que estaba matriculada.

Rama de ensinanza: clasificación académica resultante da agrupación das titulacións oficiais en cinco categorías ou áreas de ensinanza (Artes e Humanidades; Ciencias; Ciencias Sociais e Xurídicas; Ciencias da Saúde; Enxeñaría e Arquitectura).

Ámbito/Campo de estudo: clasificación estatística propia da [Sistema Integrado de Información Universitaria \(SIU\)](#) que agrupa os estudos oficiais, elaborada a partir da Clasificación Internacional Normalizada de Educación CINE-F 2013.

Persoas egresadas afiliadas: persoas egresadas universitarias que están afiliadas á Seguridade Social en situación de alta laboral ou son mutualistas titulares activos da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado (MUFACE) na data de referencia do período de seguimento.

Taxa de afiliación: representa o número de persoas egresadas afiliadas (en alta laboral segundo Seguridade Social ou MUFACE) na data de referencia de cada período de seguimento por cada cen persoas egresadas. Non se pode interpretar a taxa de afiliación como unha taxa específica de emprego de persoas egresadas universitarias (Persoas egresadas ocupadas/Total de persoas egresadas), xa que, como se indicou, non se acada a exhaustividade no recento da ocupación deste colectivo, ao non recollese a súa actividade laboral fóra de Galicia, salvo nas táboas de Inserción laboral total do SUGA nas que se inclúen as persoas tituladas no SUGA e residentes en Galicia que traballan no resto de

España (datos a partir do ano 2022), ou a súa situación de afiliación a mutualidades de previsión social á marxe de MUFACE.

Grupo de cotización: para aquelas persoas egresadas afiliadas que, na data de referencia do período de seguimento, están afiliadas á Seguridade Social por conta allea ou son mutualistas (a estes últimos asígnaselles un grupo de cotización equiparable á profesión que exercen), dispónse do grupo de cotización ou categoría profesional na que se encadra a persoa traballadora segundo a súa actividade e tendo en conta o convenio colectivo que rexe a empresa. A categoría profesional pode non corresponder coa titulación que posúe a persoa empregada, xa que vén determinada pola actividade ou tarefa que desempeña na empresa.

Base de cotización: a base de cotización para as diversas continxencias e situacións amparadas pola acción protectora da Seguridade Social está constituída pola remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación, que con carácter mensual teña dereito a percibir a persoa traballadora ou asimilada, ou a que efectivamente perciba de ser esta superior. As percepcións de vencemento superior ao mensual distribuiranse ao longo dos doce meses do ano. Considérase remuneración á totalidade das percepcións económicas, sexan en diñeiro ou en especie. Así mesmo, hai que ter en conta que as bases de cotización ao Sistema da Seguridade Social non poden ser superiores ao límite máximo fixado para cada exercicio económico na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Nalgúns réximes de cotización, como é o caso do Réxime Xeral, tamén se fixan uns límites mínimos de cotización, en función do grupo de cotización da persoa. Se a base non se atopa comprendida entre a contía mínima e máxima correspondente ao grupo de cotización do traballador ou da traballadora, esta cotizará pola base mínima (se a cantidade resultante é menor) ou máxima (se é maior).

Réxime de afiliación: conta propia ou conta allea. O traballo por conta allea inclúe ás persoas afiliadas aos réximes 0111, 0112, 0138, 0163, 0811, 0812, 0813, 0814 e 0911. O traballo por conta propia inclúe os réximes 0140, 0161, 0521 e 0825.

Tipo de contrato: para aquelas persoas egresadas afiliadas que, na data de referencia do período de seguimento, son mutualistas ou están afiliadas á Seguridade Social por conta allea, diferénciase a tipoloxía do contrato asinado: temporal, indefinido, programa de formación ou colectivo especial (persoal funcionario).

Tipo de xornada: para aquelas persoas egresadas afiliadas que, na data de referencia do período de seguimento, son mutualistas ou están afiliadas á Seguridade Social por conta allea, diferénciase a tipoloxía da xornada laboral: a tempo completo ou tempo parcial.

Relación coa actividade: diferencia as persoas egresadas segundo que, na data de referencia do período de seguimento, se atopen nas seguintes situacións:

- Persoas afiliadas.
- Persoas paradas rexistradas en Galicia que traballaron anteriormente.
- Persoas paradas rexistradas en Galicia que non traballaron anteriormente.
- Estudante (matriculado noutra titulación).
- Outras situacións (afiliado fóra de Galicia, etc).

Actividade económica da empresa: actividade das empresas nas que traballan as persoas egresadas (por conta allea ou propia), aplicando a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE09) codificada a nivel de letra.

5. Variables

A variable obxecto de estudo é a poboación titulada nalgunha das universidades públicas galegas. As persoas egresadas clasificarémolas segundo:

- Sexo.
- Grupos de idade.
- Nivel académico: grao, máster e doutorado.
- Ámbito e rama de estudo.
- Relación coa actividade: persoas afiliadas, persoas paradas rexistradas con traballo anterior, persoas paradas rexistradas sen traballo anterior , estudante e outra situación.
- A adecuación entre o nivel de estudos acadado e a inserción laboral da persoa. As persoas que dispoñen dun título universitario e desempeñan un emprego acorde a este nivel de estudos, deben figurar inscritos nos grupos 01 ou 02 de cotización da Seguridade Social.
- Réxime: conta propia ou conta allea.
- Tipo de contrato: temporal, indefinido, programas de formación ou colectivo especial.
- Tipo de xornada: xornada completa ou xornada parcial.
- A Base medida mensual de cotización á Seguridade Social.

6. Procesamento dos datos

Nos ficheiros que facilitan as universidades públicas que integran o SUGA figuran todas as persoas matriculadas nos cursos considerados. Agora ben, o IGE só recibe dos distintos organismos administrativos que xestionan o mercado laboral galego (Seguridade Social, Sistema de Emprego Público, etc.) información relativa a persoas cun vínculo laboral (activo ou inactivo) en Galicia ou ben, cuxa residencia nesas fontes se atope na Comunidade Autónoma galega. Polo tanto, só é posible seguir a evolución laboral das persoas cuxa inserción teña lugar en Galicia ou sexan residentes en Galicia.

Unha vez chegan os datos de matrícula das distintas universidades públicas do SUGA dun curso determinado, introdúcese no sistema da *Base de datos sociodemográfica*. Os rexistros das persoas matriculadas nun curso determinado búscanse no sistema, co obxecto de asignarlles (de ser posible) unha clave que identifique biunivocamente a cada unha das persoas. Para elo, séguese un procedemento de cruce en etapas.

Unha vez que están localizadas no sistema, selecciónanse as persoas tituladas e procédese a cruzar esta información coas distintas táboas que dispoñen da información de:

- Afiliacións á Seguridade Social proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Persoas afiliadas a MUFACE proporcionadas por este organismo.
- Demandantes de emprego nas oficinas de emprego público de Galicia proporcionados pola Consellería de Emprego da Xunta de Galicia.
- Bases de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social proporcionadas pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Persoas matriculadas no SUGA e no resto de España

O resultado dos cruces anteriores almacénase nunha táboa que conterá un rexistro por cada unha das persoas que titularon en cada un dos cursos académicos analizados. Esta táboa terá como variables o xénero, a idade, a universidade, o nivel académico e a titulación, así como o seguimento da persoa egresada nos momentos temporais considerados: ano de egreso (t), 31/12/t, 30/06/t+1, 31/12/t+1, 30/06/t+2, 30/06/t+3 e 30/06/t+4. Para cada un destes momentos, clasificarase á persoa titulada segundo a súa situación no mercado laboral galego. A clasificación utilizada é a seguinte:

- Poboación afiliada: persoa afiliada á Seguridade Social en alta laboral ou Mutualista doutros sistemas de provisión distintos á Seguridade Social (MUFACE).

- Persoa non afiliada á Seguridade Social en alta laboral nin mutualista doutros sistemas de provisión no momento t que figura como demandante de emprego en paro no momento t e con emprego anterior.
- Persoa non afiliada á Seguridade Social en alta laboral nin mutualista doutros sistemas de provisión no momento t que figura como demandante de emprego en paro no momento t e sen emprego anterior.
- Estudante matriculado noutra titulación
- Outras situacións: persoa afiliada, pero desempeñando unha actividade fóra de Galicia, etc.

As categorías anteriores son mutuamente excluíntes; é posible que unha mesma persoa poida compatibilizar dúas ou máis situacións das expresadas anteriormente no mesmo instante de tempo, pero sempre se lle vai dar prioridade a unha sobre outra, seguindo a orde na que aparecen.

No caso de que unha persoa titule en dúas ou máis titulacións diferentes no mesmo ano asinaráselle unha única titulación. Para asignar esta titulación considerarase primeiramente a titulación cun nivel académico máis elevado; de coincidir o nivel académico seleccionárase a titulación co ano de acceso máis recente. Se non se acaba unha titulación única no proceso anterior seleccionárase unha de forma aleatoria.

A persoa egresada tamén pode compatibilizar dúas ou máis relacións laborais diferentes no mesmo período de seguimento, con características distintas (réxime de afiliación, grupo de cotización, etc.). Neste caso, para clasificar á persoa en función das súas características laborais, optouse por considerar unha das afiliacións como a principal. Para elo recórrase ao seguinte método:

- En primeiro lugar, selecciónase a relación laboral de maior duración na data de referencia.
- En caso de empate na duración entre máis dunha afiliación, aquela con data de alta máis antiga.
- Se persiste o empate, tanto en duración como na antigüidade da afiliación, considerarase principal a que teña maior grupo de cotización.
- En caso de empate nos tres criterios anteriores, de entre todas as afiliacións da persoa que se atopan na mesma casuística, seleccionárase como principal a que permaneza en alta a último día hábil do mes considerado.

- Se persiste o empate neste punto, seleccionarase de entre todas as afiliacións da persoa que cumpran cos catro criterios anteriores, unha ao azar.

A relación laboral principal asignada seguindo o procedemento anterior será a que se utilizará para determinar o tipo de contrato, o tipo de xornada, o grupo de cotización e a sección de actividade económica. No caso do grupo de cotización, como o ficheiro relativo a persoas mutualistas de MUFACE non dispón do grupo de cotización da persoa, optouse por aplicar a seguinte correspondencia:

MUFACE	Seguridade Social
A1	01
A2	02
C1 e C2	03-05

A información relativa a bases de cotización está referida unicamente a afiliacións en alta laboral no Réxime Xeral da Seguridade Social; polo tanto, só se vai poder ofrecer información para as persoas egresadas que traballan por conta allea en Galicia. Para cada unha das persoas que compoñen este colectivo calcularase a súa base de cotización mensual total, sumando a obtida en todas as afiliacións en alta laboral nalgún momento do mes de seguimento e non só na considerada principal.

7. Presentación de resultados

Con periodicidade anual os datos difúndense na web do IGE (www.ige.eu) dentro do apartado temático de Educación – Formación e inserción laboral.